


O GALEGO CAMPA  
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



## XOGAMOS COA RISA

**Tipo de actividade:**

Actividade de distensión.

**Idade:** De 9 a 14 anos.

**Participantes:** Actividade en grupo.

**Duración:** 30 minutos.

**Materiais:**

- CD *Desaparafusador de gominola*.
- Letras das cancións.
- Un cronómetro ou un reloxo.

**Obxectivos:**

- Ampliar as habilidades de comunicación oral en lingua galega.
- Traballar a expresión corporal.



## DESENVOLVEMENTO

Os rapaces e rapazas terán que facer catro grupos: o grupo do Sacaúntos, o do Pan e Queixo, o do Desaparafusador de gominola e o grupo Ciencia-afección. Cada grupo terá uns quince minutos para preparar a canción que lle corresponde. A actividade consiste en que os rapaces e rapazas interpreten con xestos e sons a canción que lles asignou o monitor ou monitora.

O obxectivo desta dinámica consiste en que cada grupo faga rir o grupo rival. Gañará o grupo que dea aguantado a risa máis tempo. O grupo que vai escoitar a canción colocase de pé formando un amplo círculo e o grupo que vai interpretar introdúcese dentro del, para que todos e todas poidan ver como interpretan a canción.

Os rapaces e rapazas do grupo que observa non poden rir; no momento no que rían terán que sentar no chan. Despois intercambiarán os papeis, de maneira que os que escoitaron pasarán a ser intérpretes. Gañará o grupo que consiga manter máis rapaces e rapazas de pé sen que lles dea risa.

## OBSERVACIÓNS

Esta actividade é útil como toma de contacto co disco, para que os rapaces e rapazas se familiaricen cos temas.

Os catro grupos compiten entre si de dous en dous, o grupo que gaña é aquel que consegue manter máis persoas de pé, polo que o monitor ou monitora terá que mandar sentar aquelas ás que lles dea a risa durante a interpretación da canción.

No web [www.xunta.es/linguagalega/o\\_galego\\_campa](http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa) están descargables as letras das cancións, as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.